



**Resolución do 28 de abril de 2022, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pola que se declaran, con carácter definitivo, os aspirantes admitidos e excluídos e se nomea a comisión avaliadora no segundo concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro/a especialista na especialidade de enfermaría pediátrica, convocado pola resolución do 14 de febreiro de 2022 (DOG núm. 35, do 21 de febreiro) da Dirección Xeral de Recursos Humanos**

Mediante resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 14 de febreiro de 2022 (DOG núm. 35, do 21 de febreiro), convocouse o segundo concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro/a especialista na especialidade de enfermaría pediátrica.

A mencionada resolución establece que serán de aplicación a este proceso as bases aprobadas mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recurso Humanos do 21 de marzo de 2018 (DOG núm. 63, do 2 de abril). A base 3.2.3. desta resolución establece que a estimación ou desestimación das solicitudes de emenda entenderase implícita na resolución da xerencia da área sanitaria pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as. A base 3.3.1. establece que logo de publicadas as listaxes definitivas de admitidos/as e excluídos/as, cada un dos/das xerentes/as das áreas sanitarias en que se oferten prazas nomearán os membros titulares e suplentes das comisións avaliadoras do concurso.

De conformidade coas anteditas bases, e finalizado o prazo de emenda, esta área sanitaria

#### **RESOLVE:**

**Primeiro.** Publicar, con carácter definitivo, a relación dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no segundo concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro/a especialista na especialidade de enfermaría pediátrica, convocado por resolución do 14 de febreiro de 2022. Dita relación figura no Anexo I.





**Segundo.** Nomear os membros da comisión avaliadora, que cualificarán o proceso de concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro/a especialista na especialidade de enfermaría pediátrica.

**Terceiro.** De acordo coa resolución do 21 de marzo de 2018, as comisións estarán compostas por tres membros e deberase designar o mesmo número de membros suplentes. O presidente da comisión será o/a xerente/a da área sanitaria en que se oferten as prazas ou persoa en quen delegue. Formarán parte da comisión o/a director/a de enfermaría da área sanitaria en que se oferten as prazas ou persoa en quen delegue, e un profesional da categoría de grupo técnico ou grupo de xestión da función administrativa, que asumirá as funcións de secretario/a da comisión. A composición da comisión avaliadora, logo da delegación por parte do xerente/a, figura no anexo II.

**Cuarto.** A lista coa relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, con indicación do motivo de exclusión, e a composición da comisión avaliadora poderá examinarse na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) e nos taboleiros de anuncios da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

**Quinto.** Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recurso Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a contar dende o seguinte ao desta publicación, de acordo co establecido no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**DILIXENCIA:**

Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente resolución

A Coruña, 28 de abril de 2022

O DIRECTOR DE RECURSOS HUMANOS

Asdo.: Javier Fernández Nistal

A Coruña, 28 de abril de 2022

Luis Verde Remeseiro

SERVIZO GALEGO de SAÚDE e CEE  
Área Sanitaria da Coruña  
**XERENCIA**

Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee





## ANEXO I

### SEGUNDO CONCURSO ESPECÍFICO PARA O INGRESO NA CATEGORÍA ESTATUTARIA DE PERSOAL ENFERMEIRO/A ESPECIALISTA

Especialidade: **ENFERMARÍA PEDIÁTRICA**

#### RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS

Data publicación: 28/04/2022

DNI	APELIDOS E NOME	ESTADO
***9892**	ANLLO RIVEIRO, FÁTIMA	ADMITIDO/A
***3998**	DÍAZ PEÑA, MARIA CONCEPCIÓN	ADMITIDO/A
***8085**	EIRAS FERNÁNDEZ, MARÍA LUZ	ADMITIDO/A
***9300**	FIGUEIRA VICENTE, MANUELA	ADMITIDO/A
***8069**	LÓPEZ BOLAÑO, MARIA DEL CARMEN	ADMITIDO/A
***6933**	NIETO CAAMAÑO, ÚRSULA	ADMITIDO/A
***8532**	OTERO SABORIDO, MARÍA REMEDIOS	ADMITIDO/A
***9263**	PÉREZ CASTRO, MARÍA VICTORIA	ADMITIDO/A
***9580**	RODRÍGUEZ VALEIRO, MÓNICA	ADMITIDO/A
***8058**	VÁZQUEZ VÁZQUEZ, JOSEFA	ADMITIDO/A
***3993**	VENTUREIRA LAMAS, JUANA	ADMITIDO/A
***6579**	VIDAL ROBELO, FRANCISCA	ADMITIDO/A
***0814**	VILAS RIÁDIGOS, ROSA MARÍA	ADMITIDO/A

(\*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal.



## ANEXO II

### COMPOSICIÓN DA COMISIÓN AVALIADORA

Presidente titular:

Javier Fernández Nistal – Director de RR.HH. da Área Sanitaria da Coruña e Cee

Presidente suplente:

Guillermo Varela Bastida – Subdirector de RR.HH. da Área Sanitaria da Coruña e Cee

Vogal titular:

Enrique González Rodríguez – Director de Enfermaría da Área Sanitaria da Coruña e Cee

Vogal suplente:

Rocío Seijo Bestilleiro – Subdirectora de Enfermaría da Área Sanitaria da Coruña e Cee

Secretaria titular:

Graciela Álvarez Portela – Xefa de Servizo de RR.HH. da Área Sanitaria da Coruña e Cee

Secretario suplente:

Gerardo Ézara Agulleiro – Xefe de Sección de RR.HH. da Área Sanitaria da Coruña e Cee